



Dende sempre o Concello de Oleiros foi un lugar apetecible para vivir. Proba delo son os once castros que se conservan. Catro deles están na costa de Dexo, en varios casos cunha misión claramente defensiva fronte as posibles invasións que poideran vir dende o mar.

Dos primeiros poboadores sabemos que eran bós pescadores de robalo, dourada, muxo, maragota, pescada e xurelo. Tampouco rexeitaban as centolas, os percebes, as ostras, as ameixas, os mexillóns e os ourizos.

Tiñan vacas, ovellas, cabras e cásns, e cultivaban trigo, orxo, cebada, millo

miudo, fabas e chícharos.

Sábese moi pouco dous seus costumes cazadores, aínda que se teñen atopado restos de porco bravo e de cervo.

Coñecían a metalurxia, a cerámica e tallaban a pedra.

Tiñan un rico comercio baseado nos metais e outros materiais.



Ó perder (ou modernizarse) as necesidades defensivas, a poboación desprazouse dende a costa batida, a zonas máis fértiles e protexidas

As rochas da costa de Dexo son moi antigas. Algunhas delas (a meirande parte) formáronse hai máis de 600 millóns de anos. Outras (como a que dá nome ó Seixo Branco) achegáronse máis recentemente á superficie, fundindo as rochas orixinais por medio de temperaturas e presións enormes.





¿Por qué a liña de costa semella cortada en cubos, coma se foran os dentes dunha engranaxe?

Porque as forzas tremendas que deron forma á paisaxe, deixaron heridas nas rochas en forma de fendas aliñadas en direccións concretas. A choiva e o vento, pero no caso que nos ocupa, fundamentalmente o mar, foron atacando a superficie, sendo moitísimo máis eficaz o desgaste nas gretas que no resto do material. A erosión foi física (pola forza do mar e a abrasión das areas e rochas arrastradas nos temporales), pero tamén química (as sales disoltas na auga).

Pouco a pouco as fendas fóronse agrandando ate formar furnas, e parte desas furnas fóronse desplomando (ó principio formando os bufadoiros, ¿por qué lles chamarán así?), formando finalmente pequenas calas recheas coas areas e canto rodados arrincados á costa.

Partes ailladas van resistindo á forza do mar, pero os materiais intermedios desaparecen, quedando como illas cada vez mais separadas da costa.

¿podes imaxinar-te como sería esta paisaxe hai millóns de anos?



De roteiro pola Costa de Dexo



A Costa de Dexo ofrece unhas condicións inmejorables para pasar un bó rato disfrutando da súa riquísima natureza, das súas impresionantes paisaxes, e da súa abundancia en recursos etnográficos. Aproveite todas as estacións do ano, xa que todas teñen o seu interese.

Para sacar o máximo partido dos roteiros, convén levar roupa e calzado axeitado. Tamén aumenta o disfrute se é que se levan uns prismáticos, guías de aves, plantas e fauna mariña (xa empeza haber excelentes guías galegas), cámara de fotos e caderno de campo.

Nas proximidades existen excelentes restaurantes para todos os petos, pero se fai unha comida campestre, lembre que debe deixar todo tal como o atopou (nunca deben de faltar un par de bolsas de basoira na nosa mochila). Se é que se fai acompañar por cans (no caso de que estean permitidos nesa rota), estos deberán estar convintemente suxeitos e levar bozo.

Para escoller un roteiro fíxese no mapa superior, logo observe o código de cores polo que discorre e finalmente lea o texto que o describe. Como moitos dos roteiros teñen tramos comúns, recurreuse para interpretalos a unha combinación de cores. Evidentemente pódense encomenzar polo final e rematar polo principio, ou cambiar a rota unha vez encomenzada, pero non saia dos sendeiros indicados, todos se inician nos Faros de Mera.

Roteiro de Seixo Branco

Achégase ate o Seixo Branco, sobe ate o castro de Subiña e volta a o punto de partida. É facil e non dura máis de 2 ou 2,5 horas segundo o tramo azul que se escolla.

Roteiro de Dexo

Comeza como o anterior, pero continua pola costa ate perto de Punta Noira, onde sobe ó pobo de Dexo e volta (xa por estrada) ate o inicio. Ten unha pequenísima pendente. 4,5 hs.


Roteiro de O Corval

Comeza en Dexo e baixa ate o porto desa localidade, pasa por unha mámoa, un vello muiño, e o que en tempos foi o castro de Castromán. Pola súa brevedade, e polos seus numerosos focos de atención, é especialmente axeitado para uso escolar ou casos de mal tempo. 1,5 - 2 hs.

Roteiro de A Costa Norte

Percorre unha parte moi representativa da costa. Remata no porto de Lorbé, na vila pódese coller un bús de linea que nos devolva a Mera. 5 - 6 hs. de duración.

A Costa de Dexo





Hai quen denomina á costa comprendida entre o Cabo de Mera e o Porto de Lorbé "**un chisco da Costa da Morte no corazón do Golfo Ártabro**".

Esta é unha das poucas áreas ben conservadas de toda a costa ártabra.

Ademais de constituir unha paisaxe única e salvaxe, aberta a dúas rias (a de A Coruña e a de Betanzos), e ó Oceano Atlántico; Unha rede de rotas de sendeirismo permiten disfrutar de tres tipos de hábitats naturais de Interese Comunitario: queirugais secos, cantís con vexetación das costas atlánticas, e covas mariñas somerxidas ou semisomerxidas (furnas).

2 asociacións vexetais de Interese Comunitario e 6 especies raras ou moi interesantes sobreviven no seu solo.

A súa fauna de vertebrados é moi rica:

82 especies de aves, das que 57 son nidificantes. Formando o conxunto de colonias de aves mariñas máis importante do Golfo Ártabro.

16 especies confirmadas de mamíferos, (11 máis de presenza moi probable). 6 delas atópanse no citado "Libro Rojo de los Vertebrados de España".

8 especies de anfibios e 8 de réptiles, cinco delas exclusivas da Península Ibérica.

A vida na costa de Dexo

A vida nas costas expostas é moi difícil. A pesares da súa riqueza, a salinidade e a forza do mar e do vento dificultan a supervivencia de moitos seres, deixando o campo aberto a auténticos especialistas.

As algas e outros seres mariños deben fixarse con forza ós cantís, e ter un corpo forte e ben protexido por cunchas ou grosas peles con músculos.

Os líquenes son os primeiros en colonizar as partes máis altas dos cantís; Máis arriba prosperan especies como o pirixel das gaivotas ou a herba de namorar.

Nas campas costeiras só as queirugas, o toxo e os fentos saen adiante; Nesta zona ás plantas protéxense entre si formando masas moi compactas. Máis lonxe se abren o paso os piñeiros e eucaliptos e, en zonas máis protexidas, o carballo e outras caducifolias.

1 Nematium helminthoides

Alga vermella, con talo de ata 40 cm e consistencia xelatinosa. Fixase a miúdo sobre lapas e mexillóns. Consúmese cruda, en sopas e en ensaladas.

2 Golfo / Saccorhiza polyschides

Alga parda, con talo de 2 a 4 m de lonxitude. Tras fortes temporais, aparece arrincada nas praias. Emprégase en odontoloxía e tamén como argueito.

3 Fento dos cantís / Asplenium marinum

Mais ben pequeno e robusto; É o único fento que pode sobrevivir nas furnas mariñas e nas zonas ó abeiro nos cantís.

4 Pirixel das gaivotas / Leucanthemum pluriflorum

Subsiste na plataforma superior do cantil, ou en pequenos ocos nas paredes.

5 Herba de namorar / Armeria maritima

Nace na parte superior dos cantís e na costa ate onde chega o salitre. Pode namorar ás xentes que a portan nas suas roupas.

6 Percebe / Polliceps cornucopia / percebe

De xóves, forman parte do placton mariño, aínda que de adultos fíxanse as rochas para sempre. Poden aturar amplos períodos de emersión.

7 Mexillón / Mytilus galloprovincialis / mejillón

Pode acadar 15 cm. de lonxitude. Fíxase ás rochas mediante resistentes fios. Aliméntase filtrando fíctoplacton. A zona de Lorbé expórtao a varios países .

8 Ourizo de mar / Paracentrotus lividus / erizo de mar

Pode realizar lentos desprazamentos. Aliméntase de todo tipo de algas. Pasou de ser considerado comida de pobres, a considerarse unha exquisitez.

9 Lura / Loligo vulgaris / calamar

Vive dende a superficie ata 550 m. de profundidade. É un activo depredador que realiza migracións verticais e horizontais na procura de alimento e con finalidade reproductora. De 12 a 16 meses de lonxevidade.

10 Mascato común / Morus bassanus / alcatraz común

Ave mariña de ata 180 cm. de envergadura. Aquí básicamente migradora. Realiza impresionantes mergullos verticais en busca de peixes e cefalópodos.

11 Gaivota clara / Larus cachinnans / gaviota patiamarilla

Moi común en Galicia. Cría en illas, illotes e cantís costeiros, . Últimamente tamén en poboacións. Dieta variada, dende peixe ata todo tipo de refugallo.

12 Corvo mariño cristado / Phalacrocorax aristotelis / cormorán moñudo

Común. Sedentario, non se alonxa moito das súas colonias de cría. Mergullador, aliméntase básicamente de peixes. Elevada mortandade por emalle accidental en aparellos de pesca.

13 Cirrio grande / Apus melba / vencejo real

Grande, de vó vigoroso con frecuentes planeos. Pouco común, está presente dende finais de abril a principios de setembro. En Oleiros está situada a maior colonia de cría de toda Galicia.

14 Arroaz real / Tursiops truncatus / delfín mular

Entre os 2 e os 4 metros, 250-400 Kgs. Pode formar grupos de centenaes de individuos, ás veces có caldeirón común. Sofre a contaminación mariña e as capturas accidentais.

15 Caldeirón común / Globicephala melaena / caldeirón común

Corpulento, pode superar os 8 metros e chegar ás 4 toneladas. Grupos de ata 100 individuos. Ás veces asoma a súa testa para "examinar" a superficie. Na procura de cefalópodos pode sumerxirse durante 10 minutos a máis de 600 mts. de profundidade, aínda que soe atopalos entre os 30 e os 60 m.

Aprende a disfrutar desta riqueza natural respetándoa